

CONVOCATORIA DO CONCURSO “UDC ERASMUS AMBASSADOR”

CURSO 2022/2023

A Universidade da Coruña, a través da súa Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, fai pública a convocatoria do concurso “UDC INTERNATIONAL AMBASSADOR”.

A presenza de estudantado regular estranxeiro xunto cos programas de mobilidade da UDC (programa Erasmus e programa propio de intercambios bilaterais) están a permitir ao estudantado participante mellorar as posibilidades de atopar traballo, adquirir novas perspectivas sobre o desenvolvemento sustentable, aprender idiomas e adquirir unha idea máis clara da cidadanía europea, entre outras.

Ademais, esta diversidade constitúe unha ferramenta imprescindible dentro do proceso de Internacionalización na Casa do estudantado propio ao permitir a convivencia multicultural e plurilingüe nas nosas aulas. Estes actúan tamén como elemento fornecedor da proxección internacional da institución acollendo a profesorado e estudantado de universidades socias. Un dos valores deste elemento radica, precisamente, na capacidade de visibilizar a UDC no entorno global.

OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto desta convocatoria é publicar o concurso “UDC Student Ambassador”. Este concurso pretende enxalzar as experiencias na UDC de **alumnado regular de nacionalidade estranxeira** matriculados en estudos oficiais na UDC e alumnado entrante procedente de institucións socias que participaron ou están a participar nunha **mobilidade entrante no curso académico 2022/2023**.

A finalidade última é reforzar a imaxe da UDC como institución de educación superior a nivel global, facendo fincapé nas oportunidades formativas do estudantado, académicas e non académicas, o labor dos diversos grupos de investigación, as colaboracións universidade-empresa e a cercanía entre a UDC e a contorna social.

Ademais, o concurso pretende promover o desenvolvemento de actitudes e valores de respecto, compromiso, responsabilidade e solidariedade.

DESCRIPCIÓN DO CONCURSO

O concurso “UDC INTERNATIONAL AMBASSADOR” consiste na realización dun vídeo que amose o que significa a estadia na UDC para o alumnado participante. Premiarase a orixinalidade e a innovación así como os valores obxecto deste concurso.

No vídeo debe aparecer a persoa participante no concurso nas instalacións dos campus universitarios da UDC e, opcionalmente, tamén poderá incluír imaxes da contorna. En todo caso, e sempre baixo responsabilidade dos/das concursantes, respetaranse os dereitos de imaxe.

Código Seguro De Verificación	3UD93/MgMwvFFsT0WVEBuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	24/11/2022 11:27:52
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3UD93/MgMwvFFsT0WVEBuQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A lingua de utilización será o inglés acompañado, ocasionalmente, por expresións na lingua nativa da persoa participante. No tocante ao contido, a modo de guía propónse que se inclúa unha descrición do participante, a súa universidade e país de procedencia, a motivación para cursar estudos na UDC xunto con consellos e recomendacións para futuros estudantes, algunha experiencia particular na vida propia da universidade, así como a súa percepción da cultura e sociedade galegas. Ademais, o vídeo poderá incluír algunha fotografía, a participación de compañeiros ou familiares...

O vídeo candidato debe ser subido ás redes sociais e ten que aparecer o hashtag #UDCinternationalambassador. A Oficina de Relacións Internacionais compartirá o vídeo candidato no seu Facebook Udc Ori Coruña, no Twitter e na páxina web, polo que os autores e as autoras aceptan ceder os dereitos da súa publicación.

Ademais, a ORI creará un canal de Youtube que albergará todos os vídeos participantes con fins promocionais da institución e pode destinar un apartado da súa web co mesmo fin.

O premio consistirá na gratuidade das taxas de matrícula para a participación nun curso da International Summer School da elección da persoa gañadora e recibirá un lote de produtos promocionais da UDC.

Ademais, todos os participantes neste concurso, polo mero feito de enviar os seus vídeos, recibirán un desconto nas taxas de matrícula para a participación nun curso da International Summer School, rebaxando o importe até os 50€ por cada curso da súa elección.

Para os participantes dos cursos da International Summer School, unha vez cumpridos os requisitos esixidos no curso, a UDC expedirá un certificado de asistencia ao devandito curso por valor de 6 ECTS.

REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Todas as persoas participantes no concurso deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade estranxeira
2. Estar matriculadas na Universidade da Coruña en:
 - ☐ Programa de mobilidade
 - ☐ Estudos oficiais
3. A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña supoñerá o cesamento automático da condición de participante no concurso.

PRAZO E PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

As persoas candidatas ao concurso deberán cubrir o impreso de solicitude (anexo I) cunha captura de pantalla onde se mostre o vídeo subido ás redes sociais e o hashtag #UDCinternationalambassador.

Código Seguro De Verificación	3UD93/MgMwvFFsT0WVEBuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	24/11/2022 11:27:52
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3UD93/MgMwvFFsT0WVEBuQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Esta solicitude deberá ser enviada por correo electrónico a ori1@udc.es con solicitude de acuse de recibo. O prazo de solicitudes permanecerá aberto dende a publicación desta convocatoria até as 14.00 h do día **15/03/2023**.

OBRIGAS DOS UDC INTERNATIONAL AMBASSADORS

Os/as International Ambassadors comprométense a respectar os dereitos das persoas que aparecen nos vídeos.

É obrigatorio que o video sexa subido ás redes sociais dos participantes co hashtag correspondente.

Unha vez de volta nas súas institucións de orixe, os UDC International Ambassadors difundirán información da UDC e poderán tomar fotografías para subir ás redes sociais persoais co mesmo hashtag do concurso. A Oficina de Relacións Internacionais compartirá as fotografías no seu Facebook Udc Ori Coruña, no Twitter e na páxina web, polo que os autores e as autoras aceptan ceder os dereitos da súa publicación.

O incumprimento por parte das persoas gañadoras dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda do premio concedido.

XURADO E RESOLUCIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, reunirse o Xurado, que estará constituído pola Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, a Adxunta de Proxección Internacional e un Técnico da Oficina de Relacións Internacionais.

A aceptación do premio implica que os UDC International Ambassadors comprométense a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación a este concurso supón a plena aceptación do contido destas bases por parte das persoas participantes.

RENUNCIA

As persoas gañadoras poderán renunciar por escrito ao premio concedido.

A Coruña, 23 de novembro de 2022

A Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

Código Seguro De Verificación	3UD93/MgMwvFFsT0WVEBuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	24/11/2022 11:27:52
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3UD93/MgMwvFFsT0WVEBuQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I: SOLICITUDE “UDC INTERNATIONAL AMBASSADOR”

Nome e apelidos	
Estudos na UDC	
Cidade e país de orixe	
Por qué a UDC?	
Cóntanos a túa opinión sobre...	
☐ As asignaturas	
☐ O profesorado	
☐ As actividades non académicas da UDC	
☐ Apoio por parte da universidade	
☐ A Coruña e a súa área	
O mellor da UDC	
Que é o máis difícil de ser un estudante internacional?	
Que é o que máis vas botar de menos da UDC?	
Consellos para novo estudantado internacional	
Ligazón ao video	
Pantallazo das redes sociais con #UDCinternationalambassador	

